



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE OUTUBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:20 horas do día 4 de outubro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 3 de outubro, para tratar o asunto da orde do día que figura na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais:

D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Óscar Couce Senra

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar o punto incluído na **orde do día**:

1.- Proposta de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (19862-240)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (19862-240)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:52	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4D-E6EC51-CE85A8-FSWJ95-7E6FP4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de setembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a única proposición presentada e admitida neste procedemento na seguinte orde decrecente:

Licitador	Puntos totais
EKIPO, SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL	91

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EKIPO SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 858,30 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EKIPO, SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL, o día 29 de setembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 3 de outubro, dentro do prazo legalmente previsto.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de outubro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EKIPO, SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL, de acordo cos informes de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e da proposición avaliable mediante fórmula do 16 e 23 de setembro de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EKIPO, SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL, o procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (expediente 19.862-240) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 173.968,48 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 30.192,88 euros.*
- *Comprométese a achegar as seguintes melloras:*
 - *Subministro e instalación de 12 unidades de monitores táctiles 22" para utilizar con encerado on line*
 - *Subministro e instalación de 12 unidades de PC Intel i5, i7 Rtam e HDD 50 g (PC última xeración)*
- *O prazo de garantía increméntase en 60 meses (un total de 84 meses).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 09:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:52	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4D-E6EC51-CE85A8-FSWJ95-7E6FP4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

AFL

Vigo, 4 de outubro de 2016

O presidente da Mesa de Contratación
Francisco Javier Pardo Espiñeira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:52	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4D-E6EC51-CE85A8-FSWJ95-7E6FP4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		